

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **--INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 21.00 HORAS DE HOXE--**

**OS SERVIZOS DE CARDIOLOXÍA, NEFROLOXÍA E UNIDADE DE ENFERMEDADES INFECCIOSAS DE PEDIATRÍA, GAÑADORES NA XIII EDICIÓN DOS PREMIOS *BEST IN CLASS*, QUE RECOÑECEN AOS MELLORES SERVIZOS SANITARIOS DE ESPAÑA**

- ***A xerencia compostelá, o CHUS e o Centro de saúde de A Estrada recoñecidos entre os mellores de España***
- ***Os servizos de Farmacia Hospitalaria, Microbioloxía, Neuroloxía e Psiquiatría da xerencia sanitaria compostelá, así como a atención á Esclerose múltiple, quedaron finalistas, entre os 5 primeiros***
- ***Os Premios Best in Class (BIC) están promovidos por Gaceta Médica e a Cátedra de Innovación e Xestión Sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos***

**Santiago, 23 de outubro de 2018.-** Co fin de promocionar a calidade asistencial nos hospitais e centros de saúde, concédense cada ano os premios *Best in Class (BIC)*. A calidade asistencial, a innovación e a atención ao doente dos traballadores da xerencia de Xestión Integrada de Santiago foi novamente recoñecida nestes prestixiosos premios BIC, promovidos anualmente polo diario de información sanitaria Gaceta Médica e a cátedra de Innovación e xestión sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos e aos que este ano concorreron máis de 120 hospitais e 800 servizos de toda España.

Os servizos hospitalarios de Cardioloxía, Nefroloxía, así como a Unidade de Enfermidades Infecciosas de Pediatría veñen de ser galardoados nas súa categorías como os mellores de España, nun acto desenvolvido en Santander, ao que asistiron a subdirectora de calidade e Atención ao doente da xerencia de Xestión Integrada de Santiago, Beatriz Pais, o xefe de servizo de Cardioloxía da XXIS, J. Ramón González Juanatey; o xefe de servizo de Nefroloxía, Cándido Díaz, o xefe de Servizo de Pediatría, Federico Martínón, a facultativa de Farmacia, Monica Suarez Berea e os cardiólogos, Alejandro Virgós e Alfonso Varela.

Os servizos de Farmacia Hospitalaria, Microbioloxía, Neuroloxía e Psiquiatría, así como a unidade de Esclerose Múltiple da XXIS, quedaron finalistas, é dicir entre os 5 primeiros de España. Por outra banda, tamén quedaron finalistas o CHUS, recoñecido entre os 10 mellores hospitais de “alta Complexidade de España, o Centro de Saúde de A Estrada, entre os 5 primeiros centros de saúde de España e o CHUS entre as 5 mellores organizacións integradas de España.

Estes premios teñen como obxectivo recoñecer publicamente aos mellores centros de atención primaria e hospitalaria de España, así como aos mellores servizos e unidades do

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago  
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: [prensa.santiago@sergas.es](mailto:prensa.santiago@sergas.es)  
Web: <http://xxisantiago.sergas.es/>

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

territorio nacional, tanto públicos como privados, que buscan a excelencia na atención que prestan aos seus pacientes.

A concesión dos premios baséase na puntuación obtida polos candidatos co Índice de Calidade Asistencial ao Paciente (ICAP), que se establece a partir da análise multivariable dos datos recollidos nos cuestionarios de autoavaliación cumprimentados polos hospitais e centros de atención primaria.

A Cátedra de Innovación e Xestión Sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos e as distintas sociedades científicas colaboran dando rigor e independencia ao sistema de avaliación da calidade asistencial.

A organización dos Premios BiC só fai públicos os ganadores e finalistas en cada categoría. Os ganadores reciben un diploma acreditativo nun acto público e a prestación dun servizo que lles sirva de ferramenta de mellora continua. Ademais, os ganadores e finalistas forman parte da Guía dos Mellores Hospitais e Servizos Sanitarios que se edita anualmente.

### Saúdos